

Os mecanismos de escrita abreviada no discurso electrónico galego: innovación ou tradición?

Estefanía Mosquera Castro

Universidade da Coruña

e.mosquera@udc.es

Shorthand writing strategies in Galician Netspeak: Innovation or tradition?

Resumo

A revolución tecnolóxica exerceu un forte impacto no ámbito lingüístico, que se viu especialmente afectado polas innovacións a respecto das telecomunicacións. Así, o aparecemento de novos soportes dixitais para a interacción motivou o desenvolvemento dun novo sistema de escrita caracterizado fundamentalmente pola tendencia á brevidade e polo seu carácter oralizante para se aproximar, na medida do posíbel, das conversas presenciais e, ao mesmo tempo, salvar as posíbeis limitacións comunicativas do(s) soporte(s). Con todo, as súas características non son todo o revolucionarias que parecen, mais ao contrario contan con moitos antecedentes na historia da lingua, nomeadamente no referente aos recursos de simplificación. Por esta razón, e con base nun corpus de mensaxes de texto de arredor de 800 mostras, reflexionaremos sobre a adopción e a conseguinte adaptación de moitos dos mecanismos de escrita abreviada procedentes de estadios lingüísticos anteriores para verificarmos o grao de innovación e de débeda lingüística da variedade electrónica galega. Esta análise lingüística diacrónica tamén nos permitirá establecermos puntos de conexión a respecto dos condicionamentos que motivan estes recursos e da súa consideración social.

Palabras chave

Discurso electrónico, lingua galega, abreviaturas, tradición

Sumario

1. As tecnoloxías da comunicación e o discurso electrónico: impacto e consideracións iniciais. 2. O discurso electrónico: innovación ou tradición. 2.1. Adopción e adaptación de mecanismos previos de escrita abreviada. 2.1.1. A elisión de caracteres. 2.1.2. Os silabogramas. 2.1.3. Os esqueletes consonánticos. 2.1.4. As abreviaturas. 2.1.5. Sintaxe telegráfica. 3. Conclusións.

Abstract

The technological revolution, and especially innovations in telecommunications, had a strong impact in the linguistic field. Thus, the emergence of new digital media for interaction caused the development of a new writing code that is mainly characterized by the tendency to brevity and by its oral nature. These two features allow users to approach, as far as they can, to face-to-face conversations, while overcoming the constraints of the communication supports. However, their strategies are not such revolutionary as they seem; on the contrary, they have many precedents in the history of the language, particularly in regard to simplification resources. For this reason, and based on a corpus of text messages containing over 800 samples, we will discuss the adoption and the consequent adaptation of many shorthand writing strategies from previous stages to verify the level of linguistic innovation and debt of the Galician Netspeak. This diachronic approach will also enable us to establish connecting points on the conditionings that motivate these resources and their social consideration.

Keywords

Netspeak, Galician language, abbreviations, tradition

Contents

1. Communication Technologies and Netspeak: impact and first considerations. 2. Netspeak: innovation or tradition. 2.1. Adoption and adaptation of previous shorthand writing resources. 2.1.1. Omitted letters. 2.1.2. Syllabograms. 2.1.3. Consonantal skeletons. 2.1.4. Shortenings. 2.1.5. Telegraphic Syntax. 3. Conclusions.

1. As tecnoloxías da comunicación e o discurso electrónico: impacto e consideracións iniciais

As tecnoloxías e nomeadamente a Internet revolucionaron moitos ámbitos da sociedade, incluída a esfera lingüística, en que este fenómeno tivo importantes repercusións. Así, para alén de xerar comunidades virtuais, novos xéneros discursivos e formas de textualidade pluridimensional, multiplicou e hibridizou os códigos e os usos especiais da lingua, creando tamén novas xirias (Borràs Castanyer 2005: 121). Neste sentido, as prazas telemáticas, que nuns casos substitúen as físicas e noutros as complementan, desenvolven na actualidade o papel de grandes contedores abertos onde se mestura a oralidade e a escrita, estilos coloquiais e experimentacións lingüísticas e formas de interacción que crean intimidade e diversión, mais que en todo o caso posúen unha función comunicativa de uso fundamental que, ás veces, consegue tamén conter aspectos imprevistos de infuncionalidade (Mosquera Castro 2013a).

As mensaxes de texto, os chats, as redes sociais ou, máis recentemente, os sistemas de mensaxaría instantánea, cal Whatsapp, Line ou Galegram, constitúen xéneros textuais dixitais e é a través deles que se vehiculiza esta nova modalidade lingüística, eminentemente gráfica, mais tamén icónica e oralizante; referirémonos a ela como “discurso electrónico”, embora sexamos conscientes de que na actualidade aínda non existe demasiado consenso sobre como denominar esta variedade¹ e tamén nos decatando de que, como é obvio, as características particulares de cada soporte modificarán e moldearán tamén as estratexias lingüísticas empregadas en cada caso². Deste modo, no contexto electrónico será posíbel observarmos unha ampla gama de

¹ A este respecto, convén citarmos Crystal (2008: 6), quen dá conta no seu traballo da multiplicidade de termos que se manexaban tan só para facer referencia ao xénero das mensaxes de texto e á variedade lingüística nel utilizada: “short messaging, short mail, SMSing, person-to-person messaging, mobile messaging, Wireless messaging, text messaging, texting, txtng” e quen pon de manifesto que “whatever we call it it is evidently here to stay”.

² Na nosa opinión, a idiosincrasia do discurso electrónico está determinada pola manifestación do medio nas prácticas lingüísticas. Trátase dun medio de natureza variábel e, xa que logo, o discurso participará tamén desta variabilidade, de modo que algunhas das propiedades que identifican a modalidade electrónica poden presentar certa heteroxeneidade e isto é o que explica as diferentes subclases en que pode dividirse o xénero. Con todo, tamén consideramos que existe unha constante organizadora da actividade cognitiva que permite que os textos que manifestan certos trazos invariábeis na súa organización estrutural sexan recoñecidos como similares e agrupados dentro dun tipo común. As características técnicas do medio do discurso electrónico (o tempo da interacción, a retroalimentación, os vínculos entre a oralidade e a escrita, o número de participantes etc.) serán as que nos permitan determinarmos distintas modalidades de intercambio, mais todas elas presentarán diversos criterios de invarianza determinados principalmente por dous factores fundamentais: i) as marcas discursivas derivadas da presenza dun instrumento mediador e ii) as marcas discursivas motivadas pola actitude dos falantes fronte ao instrumento mediador (Vela Delfa 2005:63).

registros da lingua galega escrita: desde os textos máis formais, escritos segundo a normativa vixente, até aqueles textos de natureza informal en que se desenvolveron diversas licenzas lingüísticas. Mais en calquera caso, o que si se pode observar é que, fronte ao prescritivismo tradicional que privilexia a escrita sobre a fala e a formalidade sobre a espontaneidade, os exemplos que se crean neste soporte obran en sentido contrario, o que derivou nun estilo pouco ríxido, onde a ortografía normativa se relaxa por cuestións principalmente pragmáticas, entre as que sobresaen a utilidade e a expresividade.

Foi precisamente esta relaxación lingüística, unida á rapidez con que este código se xerou e se propagou, ao grupo de idade ao que xorde inicialmente asociado e ao temor perante o descoñecido, o que provocou que, como sinalamos en Mosquera Castro (2013b: 64), “unha cantidade notábel de lingüistas e de docentes comezase a se preocupar polas posíbeis consecuencias que esta revolución tecnolóxica podía implicar na forma en que nos comunicamos nestes contextos”. E como en todos os casos estes temores acabaron por se estender ao resto da poboación creando, en palabras de Thurlow (2006), un estado de pánico moral que entendía que fose o que fose o discurso electrónico tiña que ser algo negativo.

Como resultado, a mitoloxía popular que creceu arredor deste fenómeno exaxera e distorsiona as súas consecuencias e mesmo se chegan a facer profecías a respecto dun desastre lingüístico. Así, xúlgase que se trata dun fenómeno do séc. XXI que presenta un estilo gráfico altamente distintivo, cheo de abreviaturas e desviacións lingüísticas e que é utilizado por aquelas xeracións máis novas que non se preocupan pola variedade estándar. Xa Thurlow (2006) e Crystal (2008) fixeron hai case unha década unha procura na rede e nalgúns xornais dixitais que confirmaban estes augurios apocalípticos con titulares como os que seguen: “Texting fogs your brain like cannabis”, “Text messaging ... is posing a threat to social progress”, “The English language is being beaten up, civilization is in danger of crumbling”.

Na actualidade continúa a ser relativamente frecuente acharmos opinións similares ás apuntadas polos autores anglófonos. Así, en 2011 o diario *El mundo*³ facíase eco dunhas declaracións do premio Nobel Vargas Llosa, quen indicaba que “Internet ha acabado con la gramática, ha liquidado la gramática. De modo que se vive una especie de barbarie sintáctica”. En 2013 podemos achar tamén encabezamentos nos xornais como “el daño de las redes sociales a los idiomas”⁴. Neste mesmo ano realizamos un inquérito en que o 48% das persoas galegas entrevistadas consideraba, entre outras cousas, que esta modalidade gráfica atentaba contra a gramática, dificultaba a lectura, potenciaba tendencias de mal uso, pervertía a lingua e empobrecía a expresión escrita (Mosquera Castro 2013b: 69).

³ Véxase <http://www.elmundo.es/america/2011/04/28/noticias/1304016627.html> [05/11/2015]

⁴ Véxase <http://blog.quality-courses.com/es/el-dano-de-las-redes-sociales-a-los-idiomas> [05/11/2015]

Con todo, os recentes estudos sobre este fenómeno, como o levado a cabo en 2014 polo Centro Nacional de Investigacións Científicas (CNRS) francés⁵, veñen apoiar as nosas investigacións (Mosquera Castro 2013c) ao afirmar que o uso destes códigos non ten implicacións negativas no uso da variedade estándar e que, de ter algunha repercusión, sería en todo o caso positiva, na medida en que se experimenta coa lingua precisamente porque se coñece. Esta mesma postura é a que mantén a respecto da lingua galega Nel Vidal quen, nunha entrevista para *Praza Pública*⁶, afirma que esta linguaxe pode considerarse como un elemento creativo, dado que pon de manifesto a orixinalidade e a imaxinación da xente –nin sempre– nova e, sinala como un aspecto fundamental que a lingua galega fose quen de xerar tamén estes códigos abreviados, máis un sinal da súa vitalidade.

2. O discurso electrónico: innovación ou tradición?

A variedade escrita presente nas SMS, nas redes sociais ou nos sistemas de mensaxaría instantánea non é, por tanto, un fenómeno destrutivo, mais unha adaptación gráfica que se crea por dúas razóns fundamentais: por unha parte a expresividade e, por outra, a economía lingüística. A primeira, para superar a ausencia de linguaxe paraverbal e de expresividade xestual nuns medios esencialmente escritos. E a segunda, para paliar as limitacións tecnolóxicas do soporte –restricións de caracteres, pantalla e teclas de tamaño reducidos– e tamén as contextuais, pois trátase de conversas de natureza gráfica que procuran a fluidez típica das interaccións orais. E embora a primeira mereza tamén ser debidamente analizada, será esta última motivación a máis relevante para o caso que nos ocupa, polos fortes vínculos que mantén coa historia da lingua.

Así as cousas, nun ecosistema dixital en que as mensaxes están sometidas, entre outros, aos anteditos condicionantes, non resulta estraño que a brevidade se erixa como un elemento fundamental (Tascón / Abad 2011: 25). E, na mesma medida, viran tamén sorprendentes as críticas apocalípticas que sinalamos anteriormente, na medida en que lonxe de se tratar todas elas de actitudes gráficas novidosas, moitas das estratexias de simplificación presentes nestas tipoloxías textuais poden ser tamén documentadas en estadios moito anteriores da historia da escrita con finalidades certamente similares ou equiparábeis ás indicadas para a comunicación electrónica.

Sobre este particular, Borràs Castanyer (2005: 126) afirma que “las viejas formas reelaboradas en el presente muestran la vitalidad de la lengua y de sus usos y al mismo tiempo evidencian los estereotipos y las incrustaciones de sentido siempre al

⁵ Véxase <http://www2.cnrs.fr/presse/communique/3475.htm> [05/11/2015]

⁶ Véxase <http://praza.gal/opinion/1125/polo-d-m/> [05/11/2015]

acecho”. E o certo é que este tipo de augurios tamén estivo presente con motivo de desenvolvementos tecnolóxicos moito anteriores e, de igual modo, predicían toda unha serie de catástrofes lingüísticas: aconteceu coa chegada da prensa, considerada como unha invención do demo, e tamén co telégrafo e o teléfono (Crystal 2008: 9). Neste sentido, as tecnoloxías da comunicación constitúen máis un ítem que pasa a engrosar a listaxe de innovacións potencialmente perigosas para o devir lingüístico. Por esta razón, a memoria lingüística conforma un elemento de grande valor para analizarmos os novos roteiros virtuais por que transita a lingua galega.

A seguir, e apoiándonos nun corpus de 800 mensaxes de texto, trataremos de determinar o grao de débeda e de innovación dos recursos de simplificación gráfica utilizados no discurso electrónico en comparación coas estratexias e cos recursos empregados ao longo da historia da escrita.

2.1. Adopción e adaptación de mecanismos previos de escrita abreviada

Centrándonos a nosa atención exclusivamente nas estratexias de redución gráfica, un dos aspectos que máis chama a atención é o aforro de caracteres. Nalgúns medios como Twitter ou as SMS temos unha limitación de 140 e 160 caracteres respectivamente e noutros soportes de natureza sincrónica o que se nos presenta é a necesidade de manter un ritmo similar ao dunha conversa oral presencial, mais a través da escrita. Por tanto, en ambos os casos redixir mensaxes electrónicas é unha tarefa que, ao contrario do que se pensa, require moita atención, precisión no reconto e administración do espazo e do tempo. Por este motivo, o usuariado rebaña letras e números sempre que puiden. De acordo con Cortés Alonso (1990: 163), a abreviación foi sempre un dos recursos máis útiles e prácticos da escrita e resolveu en moitas ocasións problemas de espazo e de rapidez, sempre e cando esta non dificultase sobremaneira a comprensión do texto.

2.1.1. A elisión de caracteres

Así por exemplo, un recurso moi utilizado no contexto electrónico é a omisión de determinados caracteres, ben sexa no interior, no comezo ou no final do vocábulo. Neste sentido, a tendencia é que as grafías eliminadas sexan fundamentalmente vogais, aínda que non só. Isto responde a un principio básico da teoría da información que sinala que as consoantes presentan un valor informativo moito maior que o das vogais, a pesar de seren estas últimas, cando menos na lingua galega, as únicas con capacidade para formaren núcleo silábico e portaren particularidades prosódicas distintivas (Freixeiro Mato 2006, I: 65). De acordo con Tascón e Abad (2011: 36), o

usuariado sabe, de modo intuitivo, que na lectura a senda que proporcionan ao ollo as consoantes é máis importante e achega máis información sobre as palabras que as vogais, polo que moitas veces estas desaparecen, como mostran as seguintes mensaxes de texto:

(1) Jaja! Akbo d sair! Lvabaa pnsada xo ind asi fixn kmbios d ultim ora! Jeje! A intncion era q o mstr ns servis d algo nn? Algrom d q ch gustas tonti! Coidate pk!

(2) Dduzo q nn ims qdar knd nn avisachs ainda! Marcho pa kma. Boas noits.

(3) Obvmnt nn fixexs nda!o prblm e meu, e nn falo xq m costa m8 trballo cada frase. Nn tou bn (vaia nvidd...) e nn m aptc nda, nn se kmo xplikrxo. Sinto tar asi...bks!

Con todo, e como indica a seguinte anécdota que relata no seu libro Borràs Castanyer (2005: 131), a supresión de letras non é un fenómeno gráfico actual, mais remóntase a etapas moito anteriores, en que igual que na actualidade se tendía a adecuar os códigos ás necesidades propias do soporte en que estas se escribían:

Me maravilla ver cómo mi hija mayor [...] utiliza un código lingüístico nuevo, aparentemente no convencional [...]. Hay, en esta práctica, una necesidad de economía que se convierte en moda y rasgo distintivo de grupo. Una necesidad de economía que no es nueva, tampoco. Un domingo que paseaba por la Vall d'en Bas, en la comarca de la Garrotxa (Girona), me sorprendió una piedra que coronaba el portal de una casa de dos o tres siglos de antigüedad. En la piedra, estaba escrito el nombre del constructor y la fecha y esta inscripción: AE MRA SNS PCAT CNCBDA. Obsérvese cómo se escribían los mensajes en aquellas piedras de dintel –claro está que se hacían con cincel y martillo: unid la A y la E y podrá leerse AVE, e id siguiendo. Eso es, cosían letras y palabras, elidían vocales o todo aquello que el lector incorporaría sin esfuerzo, inconscientemente, al leer el mensaje.

2.1.2. Os silabogramas

Se reparamos nos exemplos até o de agora expostos, podemos observar que o carácter con máis tendencia para desaparecer é o “e”, embora nin sempre teña que ser esa a vogal reconstruída. A razón que xustifica esta relativa sistematicidade ten que ver, con toda seguranza, con que a súa pronuncia xa vén dada en moitos casos polo nome que a lingua galega dá ás consoantes: así o “c” lese *CE*, o “t” lese *TE*, o “p” lese *PE* etc. Esta estratexia xera, segundo Anis (2006), o fenómeno de creación de silabogramas, quere dicir, o emprego dunha única grafía –a consonántica– para representar o conxunto da unidade silábica, procedemento que se acha na base das escritas semíticas que, ou

ben eliminan por completo os elementos vocálicos ou ben os transcriben como sinais diacríticos (véxase tamén Cardona 1994: 43). En todo o caso, achamos que a formación de verdadeiros silabogramas –quere dicir, relativamente estandarizados– só se produce nalgúns contextos: acontece, por exemplo, cos pronomes persoais átonos correspondentes ás formas en singular: *me*, *te* e *se* que pasan respectivamente para *m*, *t* e *s*. Igualmente, as preposicións *de* e *en* e a partícula *que* en calquera das súas categorías morfolóxicas –*d*, *n* e *q* ou *k*– constitúen tres silabogramas moi estendidos no discurso electrónico, tamén como resultado da eliminación do “e”:

(4) Ola ptarda! Stou **n** ksa koa mmoria! A vr **s** avanzo algo. O find normaliyi. Xa falei kn cris esta tdo klaro. Pois si, vai avr **q** qdar! Bkos mona! Pasao bn!

(5) Tou mpaxadisima! a partr dagora vou facr peqnas catas da cmida **q m** ofrezas! a miña bedroom cheira a 1 mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits!

(6) Ou vas na playa por casualidd!!!! o dia 11**d** agsto e o cmple **d** xiana....xa **t** aviso pa **k** nn fagas planes!!!!

2.1.3. Os esqueletes consonánticos

A supresión sistemática de todas as vogais que forman unha determinada palabra dá lugar ao que algúns investigadores, cal Vela Delfa (2005: 694), denominan esqueletes consonánticos, isto é, textos en que as persoas destinatarias deben reconstruír a cadea fónica completa a través de inferencias contextuais ou apoiándose na pronuncia das consoantes que figuran representadas, o que lles permitirá restituíren o elemento vocálico elidido. Por tanto, concordamos con Torres i Vilatarsana (2004) en que “d’aquesta manera, qualsevol consonant pot tenir dos valors, el del seu so o el bifonemàtic”. No noso corpus documentamos mostras que levan até o extremo este tipo de prácticas de simplificación:

(7) Qrds qdar?

(8) Nn s prkpar XD

(9) kbp spzo cruñ ;)

Pois ben, sen abandonarmos o universo das escritas semíticas cómpre salientarmos que estas foron e son, polo xeral, contrarias á introdución sistemática dos signos vocálicos e prefíren colocalos, ben por riba, ben por baixo. Gelb (1982: 242) sinala, entre as razóns para esta adversión, a devoción ás grafías tradicionais dos libros sagrados e o feito de que “al dejar intacta la estructura consonántica y colocar los signos vocálicos encima o debajo de los consonánticos, se dejaba abierta la posibilidad

para cuantos deseasen continuar escribiendo las consonantes solas sin preocuparse de las vocales”. E se ben que na lingua galega non estamos acostumados a unha escrita consonántica, si sabemos que aínda hoxe en día existen idiomas, cal o árabe ou o hebreo, en que esta conforma un sistema perfectamente estábel.

2.1.4. As abreviaturas

Como indicabamos no caso citado por Borràs Castanyer (2005: 131), é relevante repararmos nos condicionamentos impostos polos distintos soportes en que estes códigos son e foron utilizados. E a economía dos materiais foi, neste sentido, unha das causas que motivaron a introdución de abreviaturas na escrita a través dos séculos. Pensemos en que o pergamiño e o resto de materiais con que se escribía na antigüidade eran moi custosos, non só pola súa rareza, mais tamén pola dificultade que implicaba a súa elaboración. Por esta razón, evitábanse expresións ou palabras que se puidesen entender con tan só as iniciar ou cando menos con as abreviar. Así, por exemplo, Díez Merino (1990: 124) constata para a lingua hebrea o emprego de abreviaturas desde o séc. vi a.d.n.e e desde o séc. v a.d.n.e para o arameo. Pola súa parte, Ostolaza Elizondo (1990: 253) afirma que o costume de abreviar os textos latinos remonta ao período clásico romano, embora non se utilizase con tanta profusión a abreviación como na escrita medieval.

A este respecto, tamén nos manuscritos dos textos medievais galego-portugueses documentamos o emprego habitual de diversas abreviaturas, tanto no referente aos códices que conteñen as cantigas medievais galego-portuguesas, como nos textos notariais ou tabeliónicos⁷: é frecuente que aparezan abreviautras para as consoantes nasais (‘) e para a conxunción *que* (q̃), ou outras cal p^r (para a preposición *por*), q^r (por *quer*), 9 (para a terminación *-os*, nalgúns casos tamén *-us*), L (para a secuencia fónica *uel* ou *ual*) ou o símbolo ^r para representar o desenvolvemento dunha vibrante simple acompañada dunha vogal ou viceversa.

Por outro lado, os anteditos autores tamén sinalan a economía de tempo como unha das razóns fundamentais do emprego de sistemas de escrita reducida, o que se pode observar se atendemos ao posterior desenvolvemento da taquigrafía e máis recentemente da estenotipía. En todas as épocas os taquígrafos quixeron avanzar moito en pouco tempo e o único recurso de que dispuñan era o acurtamento de palabras e a utilización de símbolos que representasen vocábulos ou mesmo enunciados completos. Na mesma liña simplificadora, tamén no contexto educativo se desenvolve-

⁷ Véxase Azevedo Maia (1986), onde figura un conxunto de 168 textos da Galiza e do norte de Portugal correspondentes ao período que vai do séc. XIII ao XVI, en que se pode constatar a frecuencia do emprego das abreviaturas. A respecto destas cuestións, véxase tamén Souto Cabo (2008) sobre os documentos galego-portugueses dos sécs. XII e XIII, en que tamén se verifica a complexidade do sistema de abreviaturas empregado.

ron outros mecanismos específicos favorecedores da escrita rápida para a tomada de apuntamentos. E aínda que nestes casos a escolla dos mecanismos de redución adoita ser moi persoal, xa que a persoa que toma as notas será ela propia a destinataria da mensaxe que codificou, grande parte das abreviaturas empregadas son sistematicamente empregadas por todo o alumnado.

Destacamos entre as máis frecuentes as seguintes: *xq* ('porque', 'por que'), *x* ('por'), *q* ('que') *xa* ('para'), *cnd* ('cando'), *qn* ('quen'), = ('igual'), *txt* ('texto'), o emprego de numerais ou símbolos, como + ('máis'/maior'), - ('menos'/menor') etc. Igualmente, tamén se dan simplificacións que combinan as abreviaturas e o sistema de signos, cal *+q* ('máis que'), e mesmo se utilizan para representar determinadas palabras ou secuencias fónicas de palabras: *m8* ('moito'), *imx* ('impor') etc., o que a coincidirmos con Crystal (2008:37) remite tamén para os sistemas de escrita logográfica, de igual modo que o uso de emotícones remite para a pictográfica.

Neste contexto, o usuariado do discurso electrónico, coñecedor da utilidade dos anteditos recursos, vains utilizar tamén nas súas interaccións dixitais, de modo que non é inusual acharmos mensaxes como as que figuran a seguir:

(10) Grazs polo d hoxe, stba **m8** rikisimo tdo! Es **1sol!** Nn sei q faria sn ti!
Qtm8m8m8! Muaka! Chamam pa qdr maña e xa m kns **q** tal a peli. Bks

(11) Si. Grazas. E para un asunto do traballo. A ver se subo facr **1vsit** st finde!
Q tal todo? **Alg1a** novidade? Bikos

(12) E nn hai nada mais light? jajaja! Senn a dieta vai ir ao carallo! nn e **x**
-prezar os xixarros! jaja

2.1.5. Sintaxe telegráfica

A inmediatez na comunicación electrónica e, en moitos casos, as restricións técnicas dos diferentes soportes en que esta ten lugar provocaron o desenvolvemento de numerosas estratexias de simplificación e a creación de abreviaturas, nin sempre convencionais nas formas, mais con antecedentes nos procesos, como xa tivemos ocasión de observar. Estes condicionamentos afectaron igualmente a sintaxe, onde se detecta unha preferencia pola redución da complexidade sintáctica e unha propensión ao uso de enunciados simples. Neste sentido, a súa organización estrutural supedita a corrección a outros obxectivos, cal a transmisión da información. E embora na maioría dos casos as mensaxes presenten unha condensación de numerosas cláusulas independentes, fundamentalmente simples ou compostas⁸, noutras ocasións observamos que a tendencia redutora é levada ao límite

⁸ De acordo con Galán Rodríguez (2007: 71), "será inevitable que las frases sean cada vez más breves y se limiten a la expresión de la mera acción o estado y, en consecuencia, se suprimirán las oraciones más complejas".

Deste modo, non podemos referirnos unicamente a unha preferencia polas estruturas sintácticas simples, mais tamén ao desenvolvemento de determinadas estratexias que, a pesar de contrariar en moitos casos as regras textuais de cohesión, conexión e coherencia, contribúen para facer máis dinámicas e rápidas as interaccións. Así, o discurso electrónico elimina en ocasións todos aqueles elementos que poden sobreentenderse polo contexto: conxuncións, nexos, preposicións, verbos etc.⁹. Na maioría dos casos este recurso non opera de forma isolada, mais habitualmente converxen varias elisións nun mesmo texto. Eis algunhas mostras:

(13) Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou [en] pntdeume e logo irei [a] ksa [de] papa! Muaka baby! Sta smana cofe?

(14) **stou kasa. Klqra kousa mbl.** Tño q lr e nn m aptcia ir xa ali. Bks

(15) **Fatura lixo buzón**

A pesar do chamativo e orixinal que poida resultar este tipo de estruturas, a elisión de determinados elementos gramaticais remiten, en ocasións, para a escrita telegráfica propia doutras épocas. Como os xéneros textuais electrónicos, o telégrafo obtivo un grande suceso na medida en que facilitaba a comunicación a distancia e reducía os límites espacio-temporais doutros sistemas comunicativos (Bahamonde Magro / Martínez Llorente / Otero Carvajal 1993: 138-139). No entanto, o envío de telegramas era bastante custoso, o que tamén tivo certa sorte de repercusións lingüísticas. Nestes medios, o seu estilo tende á concisión, á brevidade e ao emprego de enunciados recortados a través da supresión de todo aquilo que non é imprescindible: fórmulas de saúdo e de despedida e palabras gramaticais, cal os artigos, os adverbios, as preposicións e as conxuncións, entre os máis comúns. Como se pode notar, as similitudes son evidentes.

3. Conclusións

Nas páxinas que preceden esta observamos que o emprego de sistemas de simplificación se documenta xa desde tempos inmemoriais. O seu uso está xustificado polas necesidades de se adaptar ou ben a un soporte concreto ou ben ao contexto comunicativo de que se trate. A sobrevivencia, con variacións, deste mecanismo de escrita breve até os nosos días convida a pensarmos que se trata dun fenómeno lingüístico eficaz que produce máis vantaxes do que atrancos para a comunicación escrita. Con-

⁹ Na mesma liña, Anashia Ong'onda, Maina Matu e Anyango Oloo (2011: 4) achan resultados similares no seu corpus: "omission of pronouns and auxiliary verbs, omission of objects, omission of articles, omission of *to* infinitive, grammatical agreements, contractions and different word orders".

secuentemente, a súa utilidade parece compensar os posibles problemas de interpretación ou de comprensión que algúns enunciados puideren ocasionar debido ao descoñecemento dos seus mecanismos de redución.

Na actualidade, o contexto electrónico e a comunicación mediada por dispositivos dixitais están a revitalizar novamente os sistemas de escrita reducida. E a pesar de que o emprego de abreviacións é consubstancial á linguaxe e as súas orixes remóntanse, como se verificou, aos primordios da escrita, na escrita manual estas eran utilizadas de modo esporádico. Ao contrario, coa chegada das tecnoloxías e a aparición de novas formas de interacción baseadas en sistemas de escrita reducida (conxunción de letras, símbolos e números, fundamentalmente) as abreviacións convertéronse nun fenómeno de masas, o que tamén xustifica esas consideracións iniciais a que fixemos referencia.

Por tanto, consideramos que non se trata de actitudes gráficas novidosas, mais que, como xa se sinalou, o que as torna relevantes e o que as diferencia das anteriores é a maior visibilidade que outorga o contexto dixital — eminentemente público— a estratexias que até ese momento eran para moitas persoas descoñecidas ou, cando menos, exclusivas do dominio privado ou de esferas moi concretas. En último caso, a novidade radicaría na creatividade do usuariado que adopta e adapta estratexias lingüísticas anteriores para vencer ou, en todo o caso, paliar as limitacións impostas polo novo marco comunicativo e para se adecuar ao ritmo acelerado da vida actual, que exige cada vez máis, unha maior brevidade e concisión. Resultan, porén, innegábeis as repercusións lingüísticas deste fenómeno, mais en última instancia, será unha repercusión parcial nas formas, nas posibilidades técnicas, no sistema de representación gráfica, mais non na linguaxe.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANASHIA ONG'ONDA, Nancy / Perer MAINA MATU / Pamela ANYANGO OLOO (2011): "Syntactic Aspects in Text Messaging", *World Journal of English Language*, 1. <http://dx.doi.org/10.5430/wjel.v1n1p2>.
- ANIS, Jacques (2006): "Communication électronique scripturale et formes langagières: chats et SMS", *Actes des Quatrièmes Rencontres Technologiques*. Poitiers: Université de Poitiers. <http://rhrt.edel.univ-poitiers.fr/document.php?id=547>.
- BAHAMONDE MAGRO, Ángel (dir.) / Gaspar MARTÍNEZ LLORENTE / Luis Enrique OTERO CARVAJAL (1993): *Las comunicaciones en la construcción del Estado Contemporáneo en España: 1700-1936. El correo, el telégrafo y el teléfono*. Madrid: Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente.
- BORRÀS CASTANYER, Laura (ed.) (2005): *Textualidades electrónicas. Nuevos escenarios para la literatura*. Barcelona: UOC.
- CARDONA, Giorgio Raimondo (1994): *Antropología de la escritura*. Barcelona: Gedisa.

- CORTÉS ALONSO, Vicenta (1990): “Las abreviaturas, ayer y hoy”, *Boletín de la ANABAD* 40 (4), 163-165.
- CRYSTAL, David (2008): *Txtng: The Gr8 Db8*. Oxford: Oxford University Press.
- DIEZ MERINO, Luis (1990): “Las abreviaturas: una clave de la cultura hebrea”, en Josefina Mateu Ibars (coord.), *Las abreviaturas en la enseñanza medieval y la transmisión del saber*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 111-147.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2006) [1998-2002]: *Gramática da lingua galega. I. Fonética e Fonoloxía. II Morfosintaxe. III Semántica. IV Gramática do texto*. Vigo: A Nosa Terra.
- GALÁN RODRÍGUEZ, Carmen (2007): “Cncta kn nstrs: los SMS universitarios (Conecta con nosotros: los SMS universitarios)”, *Estudios de Juventud* 78, 63-73.
- GELB, Ignace (1982): *Historia de la escritura*. Madrid: Alianza.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI. (Com referència à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2013a): “O discurso electrónico: a interacción comunicativa no contexto virtual”, *Revista Galega de Filoloxía* 14, 85-115.
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2013b): “A escrita SMS desde a perspectiva dos seus utentes. Unha achega sobre a lingua galega”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 16, 63-71. http://dx.doi.org/10.5209/rev_MADR.2013.v16.42989.
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2013c): *Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos: a linguaxe SMS*. A Coruña: AS-PG.
- OSTOLAZA ELIZONDO, María Isabel (1990): “Evolución de las abreviaturas en la documentación castellana bajomedieval: razones lingüísticas y paleográficas”, en Josefina Mateu Ibars (coord.), *Las abreviaturas en la enseñanza medieval y la transmisión del saber*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 253-262.
- SOUTO CABO, José Antonio (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.
- TASCÓN, Mario / Mar ABAD (2011): *Twittergrafía. El arte de la nueva escritura*. Madrid: Los libros de la Catarata.
- THURLOW, Crispin (2006): “From statistical panic to moral panic: The metadiscursive construction and popular exaggeration of new media language in the print media”, *Journal of Computer-Mediated Communication* 11 (3), 667-701 (Edición electrónica). <http://dx.doi.org/10.1111/j.1083-6101.2006.00031.x>.
- TORRES I VILATARSANA, Marta (2004): “Aproximació a l’escriptura ideofonemàtica o netspeak català”, en *Actes del 2n Congrés ONLINE “Cap a quina societat del coneixement?”*. Barcelona: Observatorio para la Cibersociedad. http://www.cibersociedad.net/congres2004/grups/fitxacom_publica2.php?grup=86&=es&id=671.
- VELA DELFA, Cristina (2005): *El Correo Electrónico: El nacimiento de un nuevo género*. Tese de doutoramento. Madrid: Universidad Complutense de Madrid. http://www.galanet.eu/publication/fichiers/tesis_cristina_vela_delfa.pdf.